

Estimado/a alumno/a:

O obxecto desta comunicación é informarche que en data _____ recibíuse no IES Ramón Cabanillas dependente da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, unha solicitude de información de Don/Dona _____ relativa ás cualificacións que obtiveches neste centro no período curso 2023-2024 así como da información de absentismo escolar no período curso 2023-2024.

Esta petición de información, que afecta os teus datos persoais, baséase no interese lexítimo de _____ de coñecer a túa evolución académica fundamentada na túa dependencia económica desta/s persoa/s.

Con todo, debemos informarche tamén que a normativa vixente en materia de protección de datos persoais, e concretamente o artigo 21 do Regulamento xeral de protección de datos, recoñéceche o dereito a opoñerte á devandita comunicación dos teus datos persoais indicándonos as túas razóns, debidamente fundamentadas na túa situación particular, polas que, no seu caso, entendes que non deberíamos facilitar as túas cualificacións e/ou información relativa ao absentismo escolar á persoa ou persoas solicitantes (por exemplo no caso de que non exista tal dependencia económica). En caso contrario, no prazo de dez días desde a recepción desta comunicación, trasladaremos á persoa ou persoas solicitantes a referida información.

A estes efectos, podes expoñer os motivos polos que te opós, no seu caso, á comunicación das túas cualificacións, no seguinte espazo, ademais de poder achegar os documentos xustificativos que entendas necesarios:

Información básica sobre protección de datos persoais: Os datos persoais contidos na presente comunicación, así como aqueles outros que a persoa interesada puidese achegar posteriormente, serán tratados pola Xunta de Galicia - Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades na súa condición de responsable do tratamento, coa finalidade de xestionar as solicitudes de información recibidas nos centros educativos públicos dependentes da mesma. A base lexitimadora do tratamento dos datos é o cumprimento dunha obrigaón legal aplicable ao responsable do tratamento na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación e nos artigos 142 e seguintes do Código Civil e o interese lexítimo argumentado pola persoa solicitante da información. As persoas interesadas poderán solicitar ante o/a responsable do tratamento o acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación, e portabilidade dos seus datos, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-dos-dereitos>. Máis información e contacto coa persoa delegada de protección de datos en <https://www.xunta.gal/información-xeral-protección-datos>.

_____, a _____ de _____ de 20_____

Asinado pola directora do centro

Recibín do/a alumno/a (___/___/____)

Dona Lorena Amarelle Taibo

Don/a: